



2. Substitúe a palabra destacada por outra sinónima. Ten en conta que esta nova palabra pode levar ou non acento diacrítico.
 - O tenista protestou porque, segundo el, a súa **pelota** (→) entrou.
 - Estamos a agardar polo tren que **procede** (→) de Lugo.
 - Non te entretañas tanto, que teño **apuro** (→). Se non saio xa, perderei o autobús.
 - Eu convidei a Uxía á festa, **pero** (→) ela non quixo vir.
 - Enriba daquela **rama** (→) do castiñeiro hai un niño de reiseñor.
 - Cando **merque** (→) o meu coche novo irei de viaxe máis a miúdo.
 - A nosa **egua** (→) pariu onte un poldro precioso.
 - Meu avó é mariñeiro e sabe facer máis de vinte **ataduras** (→) diferentes.
3. Completa este texto. Ten en conta que as palabras que corresponden en cada oco poden levar ou non acento diacrítico.

Chucho Monteiro detense beira do camiño de Castrillón. Remontou amodo a encosta da carballeira, levando na man unha de loureiro verde, e agora senta nas pedras do valado a carón do camiño. Pasear sen polo monte unha cousa que o corpo lle pide, e un dos labores que tempo lle ocupa. Coloca a de loureiro debaixo do brazo, frega mans para sacudirllas o po, saca tabaco e mistos, fai un pito acéndeo. Desde alí divisa o val de Riba, e ao lonxe, ao dos montes de Lendo, os lugares da Raposeira, o Muíño e o serradoiro de Pitoques.

Xurxo Borrazás, *Criminal*

4. Pon o acento diacrítico que falta en cada oración.
 - O home co xersei azul é maior co teu pai.
 - A irmá da túa amiga da moitos paseos.
 - Óeme ben! Se bo, se queres que che deixe ir ao cine.
 - O avó ven nese autobús, pero os netos non o ven chegar.
 - No zoolóxico, un oso polar rompeu un oso.
 - Impresionoume ver despregadas as as dos voitres.
 - Eva quere mais froita, mais só peras e uvas.
 - Ela díxome que fora fora para ver se chovía.
 - Eu como menos ca ti pero bastante máis ca avoa.
 - Por que lle das a túa boneca á amiga das túas irmás?
 - Apoiei o pé no chanzo da escaleira para facer o no do zapato.
 - Xosé e Neves din que esa película é aburrida.
 - Quen vos dixo que vos seriades titulares na dianteira?
 - Compre que Xurxo compre no supermercado todo o que lle encargamos.